

III Informe de actividade do Xurado de Expropiación de Galicia (2006-2020)



III Informe de actividade do Xurado de Expropiación de Galicia (2006-2020)

Autoría

Xurado de Expropiación de Galicia
Rúa Avelino Pousa Antelo, 1-1ª Pl.
15781 - Santiago de Compostela (A Coruña)
<https://xeg.xunta.gal>

Edita

Xunta de Galicia. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
Xurado de Expropiación de Galicia

Lugar

Santiago de Compostela

Año

2021

Diseño e maquetación

WINDSOCK
www.windsock.es

Depósito legal versión impresa

C 1971-2021

Índice

Presentación — 6

Introdución — 8

Composición actual do XEG — 10

Tramitación dos expedientes — 14

Transparencia na actividade do XEG — 15

Aspectos formativos — 17

O XEG en cifras — 20

1. Número de expedientes recibidos no XEG — 21
2. Expedientes de prezo xusto segundo o tipo — 23
3. Administracións expropiantes — 26
4. Beneficiarios — 29
5. Expropiados — 34
6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración — 35
7. Contido dos expedientes recibidos no XEG — 41
8. Importes das valoracións — 43
9. Superficies de solo dos expedientes valorados — 56
10. Outras tramitacións do XEG — 60

Algúns aspectos destacables do ano 2020 — 65

Resumo dos principais datos — 66

Conclusións — 68

Anexos — 69

- Anexo I: Informes de valoracións medias por concellos — 70
- Anexo II: Relación de cadros — 78
- Anexo III: Relación de gráficos — 80
- Anexo IV: Relación de mapas — 82
- Anexo V: Relación de normativa — 83



SP GALICIA, S.A.
XURADO DE EMPRESAS, S.L.

Presentación



O Xurado de Expropiación de Galicia (XEG) publica unha vez máis os resultados da súa actividade durante os últimos dous anos 2019 e 2020 que, xunto cos datos das series históricas desde 2006, conforman o balance da xestión do XEG desde o ano 2006 ata o 2020.

Este é o terceiro documento ou informe de actividade publicado polo XEG, que pretende continuar co compromiso de transparencia acadado no ano 2017, ano en que se publicou a primeira memoria ou informe de actividades do XEG.

O 2020 foi un ano moi especial para todos por mor da pandemia orixinada pola covid-19, a cal cambiou o xeito de traballar dos empregados públicos, entre os que se encontra o persoal do XEG. Durante o confinamento, o traballo da unidade administrativa do Xurado de Expropiación de Galicia realizouse baixo a modalidade de teletraballo, a actividade do órgano colexiado do Pleno do Xurado quedou suspendida de marzo a xuño do 2020 e, en canto aos prazos dos expedientes administrativos tramitados no XEG, quedaron interrompidos durante este período.

Unha vez que se retomou a actividade de traballo presencial en xuño de 2020, combinouse esta coa actividade en réxime de teletraballo, tanto no órgano administrativo coma no órgano colexiado, e xa se celebraron os dous primeiros plenos en xuño de 2020, coa maior parte dos seus compoñentes por vía telemática. A partir de aí, continuou desenvolvéndose a actividade normal do Xurado ata a data actual.

Consideramos que foi un ano moi complicado para todos, pese ao cal o resultado do traballo non se resentiu e mesmo medrou, o que se demostra co número crecente de expedientes recepcionados e valorados durante o ano 2020, como veremos máis adiante.

Quero unha vez máis darlles as grazas a todos os que traballan cada día para que o labor deste órgano se desenvolva dun xeito satisfactorio para cumprir o mandado que nos encomenda a lei, que non é outro que a determinación dun prezo xusto naqueles casos en que non hai un acordo previo no prezo que lle debe pagar a Administración expropiante ao expropiado, cando por causas de utilidade pública e interese social é necesario expropiar unha propiedade.

Sentirémonos satisfeitos se estas páxinas serven para que se coñeza o labor desenvolvido polo Xurado nestes dous últimos anos, así como as actuacións que se están a facer en Galicia relacionadas cos procedementos expropiatorios nos que as administracións expropiantes son a Xunta ou as corporacións locais desta comunidade autónoma.

Patricia Ulloa Alonso
Presidenta do Xurado de Expropiación de Galicia

ESTRUTURAS E MOBILIDADE

EXCUR

USO
OBRIGATORIO
DE
MASCARILLA



ÁREA E COMERCIALIZAÇÃO

EXPROPIAÇÃO

Introducción

Non debemos esquecer que a natureza do Xurado de Expropiación de Galicia, que foi creado pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), é a dun órgano colexiado permanente da Comunidade Autónoma de Galicia especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a Administración expropiante é a comunidade autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial, que actúa no cumprimento das súas funcións con plena autonomía funcional. Esta mesma consideración mantense no artigo 11 da lei actualmente vixente, a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que derroga e substitúe a anterior.

O regulamento que desenvolve a lei contense no Decreto 172/2018, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e réxime de funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia.

Os xurados provinciais do Estado, que teñen un carácter estatal e que atenden ás determinacións do prezo xusto cando a Administración expropiante é a Administración central do Estado, conviven na súa actividade coa do Xurado de Expropiación de Galicia.



Composición actual do XEG

O Xurado de Expropiación de Galicia, adscrito á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, é un órgano colexiado de carácter permanente que conta coa súa propia estrutura administrativa e coa súa propia relación de postos de traballo.

A especialización do Xurado de Expropiación de Galicia é unha das súas características, debido aos diferentes sectores representados no órgano colexiado, tanto a través de distintas organizacións coma dun número moi representativo de colexios profesionais.

O XEG, na súa actuación como órgano colexiado, réunese en Pleno con carácter xeral cunha frecuencia dunha vez ao mes e componse dunha presidencia, unha secretaría, unha asesoría xurídica e tres vogais relatores, son estes últimos os que expoñen as valoracións das distintas pezas ou predios nos plenos. Todos eles están nomeados mediante o sistema de libre designación e son funcionarios pertencentes á Administración da Xunta de Galicia.

Tamén forman parte do Pleno outros vogais que non pertencen á estrutura administrativa do XEG e que son nomeados por un período de 4 anos pola consellería de adscrición do XEG, actualmente a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, por proposta das distintas organizacións ou entidades que representan, isto é, a Consellería de Facenda, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), o Consello Galego de Consumidores e Usuarios e os diferentes colexios profesionais relacionados coas materias obxecto de valoración no seo do XEG, como son o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes de Galicia; o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia; o Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia; o Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia; o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste de España; o Colexio de Economistas pertencente ao Consello Galego de Colexios de Economistas; o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e o Colexio Notarial de Galicia.

O feito de que a renovación do Pleno se produza cada 4 anos dálle estabilidade ao órgano en canto á composición dos seus membros. Pódese incluso permanecer máis de 4 anos sendo vogal do Pleno do Xurado se as súas organizacións así o deciden.

Composición do XEG

A seguir, indícase a relación completa dos vogais que na actualidade compoñen o Pleno do Xurado de Expropiación de Galicia:

REPRESENTACIÓN	CARGO	NOME
XEG	Presidenta	Patricia Ulloa Alonso
	Secretaria	Xulia Rodríguez Blanco
	Asesora Xurídica	M ^a Pilar Nieto Tejerina
	Vogal permanente	Carlos Calzadilla Bouzón
	Vogal permanente	Mercedes Aymerich Valladares
	Vogal permanente	Jose Ángel Burgo Rodil
Consellería de Facenda	Vogal titular	Xan Xosé Castro Dapena
	Vogal suplente	Jorge Fernández Fernández
Federación Galega de Municipios e provincias	Vogal titular	César López Arribas
	Vogal suplente	Miguel Fernández Solís
Consello Galego de Consumidores e Usuarios	Vogal titular	Rosa Rodríguez Vales-Villamarín
	Vogal suplente	Yolanda Pérez Rivera
Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia	Vogal titular	José Carlos González Cabo
	Vogal suplente	José Antonio Rivas Paz
Colexio Oficial de Enxeñeiros Camiños, Canles e Portos	Vogal titular	Francisco Alonso Fernández
	Vogal suplente	Juan José Vázquez Cerredá
Colexio Oficial de Enxeñeiros de Montes de Galicia	Vogal titular	Rosalía Castro Ríos
	Vogal suplente	Juan Carlos Llamazares Díaz
Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas de Galicia do Noroeste de España	Vogal titular	Juan Ricoy Alonso
	Vogal suplente	Enrique García Tamargo
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia	Vogal titular	José Manuel Alonso Velasco
	Vogal suplente	Alberto de Paula Prieto
Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia	Vogal titular	Manuel Aurelio Colmenero Guzmán
	Vogal suplente	José Angel Alonso Guerreiro
Colexio de Economistas pertencentes ao Consello Galego de Colexios de Economistas	Vogal titular	Enrique Rodríguez Docampo
	Vogal suplente	Carlos Díaz Pérez
Colexio Notarial de Galicia	Vogal titular	Manuel Remuñán López
	Vogal suplente	María del Carmen Carreira Simón

Composición do XEG

O Xurado de Expropiación de Galicia conta tamén cunha estrutura administrativa integrada por persoal funcionario propio que pertencente á Xunta de Galicia, concretamente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, cuxas prazas figuran na correspondente relación de postos de traballo (RPT).

A RPT pola que nos rexemos actualmente establécese na Resolución da Consellería de Facenda do 18 de outubro de 2019, publicada no DOG n.º 202 do mércores 23 de outubro de 2019, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de outubro de 2019, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e da Axencia Galega de Infraestruturas.



Tramitación dos expedientes

Unha vez que, por motivos de utilidade pública e interese social, se considera necesario iniciar un procedemento expropiatorio, e sempre que a Administración expropiante non chegue a un acordo no prezo xusto que se ha pagar polo ben ou bens do expropiado, o expediente é enviado ao Xurado de Expropiación de Galicia para que determine un prezo xusto na valoración do ben ou bens afectados.

Para o caso dunha expropiación que inicia a Administración Xeral do Estado, son os xurados provinciais de expropiación dependentes desa Administración os que deberán realizar a determinación do prezo xusto, tal e como xa se indicou.

Os expedientes que se reciben no XEG para ser valorados e para determinar o prezo xusto que lles corresponde proceden, polo tanto, da Administración da Xunta de Galicia, das deputacións provinciais e dos concellos. Pódese considerar que os expedientes recibidos no Xurado constitúen un apéndice ou peza separada do conxunto do procedemento expropiatorio, e non se consideran expedientes propios do Xurado, senón unha parte máis dentro do procedemento expropiatorio, que remata co pagamento por parte da Administración expropiante do prezo xusto determinado polo Xurado de Expropiación de Galicia ao expropiado.

Tamén se reciben no XEG expedientes denominados ministerios da lei, instados polos propios interesados que solicitan que se lles expropie en determinados casos nos que a Administración expropiante non inicia o procedemento expropiatorio. As

expropiacións por ministerio da lei constitúen unha excepción á regra xeral, segundo a cal non cabe, en principio, obrigar a Administración a expropiar. Esta é unha posibilidade que ten o propietario duns predios que, como consecuencia dun plan urbanístico, quedan sen aproveitamento. Mediante a expropiación por ministerio da lei, outórgaselles a estes propietarios a facultade de instar a Administración para que os expropie, o que impide que os seus dereitos de propiedade queden baleiros de contido económico.

Tamén é posible que calquera das partes implicadas na tramitación dos expedientes de prezo xusto —Administración expropiante, expropiado ou beneficiario— presenten recursos de reposición.

Unha vez que as pezas separadas, os ministerios da lei ou os recursos se reciben no XEG, complétanse con toda aquela documentación ou información necesaria para ser obxecto de valoración, e pasan a tratarse desde o punto de vista técnico en reunións denominadas seccións de urbana, de rústica e doutras actividades económicas para, posteriormente, aprobar nos Plenos do Xurado de Expropiación de Galicia o prezo xusto de cada expediente.

Estes poden ser impugnados en vía administrativa pola presentación dos correspondentes recursos de reposición ante o propio XEG ou ben na vía contencioso-administrativa mediante a presentación do recurso correspondente.

Transparencia na actividade do XEG

O Xurado de Expropiación de Galicia fixou como un dos seus obxectivos prioritarios o da transparencia da súa actividade e xestión. Consideramos o obxectivo cumprido ao poñer á disposición da sociedade en xeral todos os datos e o balance de actividades desenvolvidas neste organismo.

As súas dúas fontes principais son as seguintes:

1. As publicacións dos informes de actividade ou memorias de xestión do organismo.

Como xa comentamos, esta é a terceira publicación que inclúe o resumo da actividade do Xurado, III Informe de xestión. Xurado de Expropiación de Galicia. (2006-2020). As outras dúas levan por título Balance dunha xestión. Informe do Xurado de Expropiación de Galicia: 2006-2016, publicada no ano 2017, e II Informe de actividade do Xurado de Expropiación de Galicia (2006-2018), publicado no ano 2019.

2. A súa propia páxina web.

Aquí reflectimos todo o que ten relación coa actividade cotiá do Xurado de Expropiación de Galicia, tanto na súa vertente pública para os administrados en xeral coma na súa vertente privada reservada para os vogais do Pleno do XEG.

Nesta páxina web, calquera administrado pode presentar a súa suxestión, queixa ou dúbida, que será respondida nun breve espazo de tempo polo persoal cualificado do XEG.

Unha novidade no ano 2019 son os informes por concellos, nos que dun xeito sinxelo se reflecten os prezos medios do solo por concellos, tanto no solo urbano coma rústico, das valoracións aprobadas polo Pleno do Xurado, no ano do informe.

A ligazón para acceder á páxina é a seguinte:
<https://xeg.xunta.gal/>



Aspectos formativos

No seo dos cursos formativos que se imparten na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e no Xurado de Expropiación de Galicia, asinouse un convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador.

En virtude deste acordo, no ano 2019, e dentro do plan de formación continua da EGAP, realizouse un curso de especialización en temas expropiatorios e de valoración, de 30 horas, no que 50 participantes abordaron distintos temas relacionados co procedemento expropiatorio e as valoracións, enfocado desde o punto de vista normativo, sectorial e técnico.

O curso contou con persoal de primeira liña, entre os que destacamos un maxistrado do Tribunal Supremo, un maxistrado do contencioso-administrativo de Galicia, dous notarios, vogais de distintos xurados e varios técnicos e xestores de primeiro nivel que deron o seu punto de vista de acordo coa disciplina de especialización de cada un.

O programa desenvolveuse nos seguintes aspectos:

- As garantías constitucionais da propiedade. Incidencias salientables nos procedementos expropiatorios.
- A expropiación forzosa e a intervención dos xurados de expropiación: xurados provinciais do Estado e xurados autonómicos. Funcións e competencias do Xurado de Expropiación de Galicia. Novo regulamento do XEG.
- Xurado de Expropiación Provincial. Composición, natureza e competencia. Diferenzas co Xurado de Expropiación Autonómico. Visión da institución por un vogal notario do Xurado Provincial.
- Expropiación forzosa: conceptos básicos na lexislación civil.
- A expropiación forzosa: o procedemento expropiatorio e a responsabilidade patrimonial da Administración. Análise de casos prácticos.
- Novidades xurisprudenciais na materia de expropiación forzosa. Análise de casos prácticos.
- Outras fontes de información utilizadas nas valoracións. Presentación de datos de valoración do XEG.
- Recursos en vía administrativa contra as resolucións do XEG. Reclamacións de xuros de mora.
- O recurso contencioso-administrativo contra os acordos do XEG ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG); análises dos criterios xudiciais para os efectos de valoracións dos bens e dereitos expropiados e casos singulares. Análise de casos prácticos.
- Lexislación aplicable nas valoracións. Situacións básicas do solo. Casos prácticos.
- A función social da xestión do solo. A expropiación como un sistema de planificación urbanística. Casos particulares recollidos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Os sistemas de información xeográficos e a súa aplicación nas valoracións do XEG.
- O procedemento expropiatorio: tipos de procedemento. O expediente de prezo xusto: tramitación no XEG.

Aspectos formativos

Nestes aspectos da formación, hai que destacar a asistencia da presidenta do XEG a unha xornada técnica sobre expropiación forzosa impartida polo Xurado Rexional de Valoracións de Castela-A Mancha, celebrada en Toledo o día 15 de marzo de 2019.

Ademais, posteriormente, do 12 ao 14 de novembro de 2019, convén sinalar tamén a asistencia de persoal do XEG (presidenta e un vogal permanente) ao XII Simposio do Comité Permanente sobre o Catastro en Iberoamérica realizado en Granada.



O XEG en cifras

Conservando a estrutura nos datos dos dous anteriores informes do Xurado, os datos de actividade de xestión do XEG preséntanse neste informe por medio dos cadros e gráficos que se expoñen a continuación, con referencia a dúas liñas temporais:

1. Unha primeira, relativa aos dous últimos anos 2019-2020, por ser datos que actualizan o II Informe de actividade do Xurado de Expropiación de Galicia 2006-2018.
2. E unha segunda na que se actualiza a serie histórica completa 2006-2020, desde o inicio da actividade do Xurado, e que se corresponde co ciclo de vida deste organismo.

A estrutura seguida neste informe respecta tamén a das memorias anteriores, para poder así facer un mellor seguimento destas:

- Número de expedientes recepcionados no XEG
- Expedientes de prezo xusto segundo o tipo
- Administracións expropiantes
- Beneficiarios
- Expropiados
- Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración
- Contido dos expedientes recibidos no XEG
- Importe das valoracións
 - Importe segundo as partes interesadas
 - Intervalos de valoracións
 - Importe segundo o tipo de proxecto
 - Importes medios de valoración por concellos
- Superficies do solo dos expedientes valorados
- Outras tramitacións do XEG
 - Recursos de reposición
 - Remisión de documentación ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG)

1. Número de expedientes recibidos no XEG

Nos cadros e gráficos seguintes, podemos observar a distribución cuantitativa dos expedientes que tiveron entrada no XEG, así como os que xa foron tramitados por este órgano tanto a través dunha resolución de prezo xusto coma doutra forma de finalización.


As administracións expropiantes, cando inician unha expropiación, tramitan un proxecto expropiatorio, que pode adoptar diferentes tipoloxías dependendo dos prazos, das localizacións xeográficas e doutras variables, e que recolle un ou varios expedientes de expropiación, nos que se reflicten os bens e os dereitos que van ser obxecto desta.

Durante os anos 2019 e 2020, recibíronse no XEG 3.250 expedientes, coa distribución que se reflicte no cadro e no gráfico seguintes, que continúan coa tendencia que máis tarde se comentará.

CADRO nº 1: Entrada expedientes para valorar polo XEG. Anos 2019-2020

ANO	ENTRADA EXPEDIENTES PARA VALORAR (Nº)
2019	1.454
2020	1.796
TOTAL	3.250

GRÁFICO nº 1: Entrada expedientes para valorar polo XEG. Anos 2019-2020



Se nos remitimos á serie histórica do período 2006-2020, podemos sinalar que, desde a posta en funcionamento do Xurado, o día 14 de febreiro de 2006, ata o 31 de decembro de 2020 entraron para a súa valoración 52.386 expedientes, que forman parte de 1.970 proxectos expropiatorios.


CADRO nº 2: Entrada expedientes para valorar polo XEG e expedientes tramitados. Serie histórica 2006-2020

ANO	ENTRADA EXPEDIENTES PARA VALORAR (Nº)	EXPEDIENTES TRAMITADOS (Nº)
2006	10.279	1.792
2007	4.809	8.201
2008	5.155	4.688
2009	7.295	3.777
2010	5.922	5.135
2011	4.261	5.301
2012	3.350	5.562
2013	1.695	5.709
2014	1.730	2.643
2015	1.428	2.283
2016	1.082	1.509
2017	909	1.156
2018	1.221	1.120
2019	1.454	1.122
2020	1.796	1.714
TOTAL	52.386	51.721

O XEG en cifras


1. Número de expedientes recibidos no XEG

GRÁFICO nº2a: Entrada expedientes para valorar polo XEG e expedientes tramitados. Serie histórica 2006-2020



Apréciase unha tendencia descendente na entrada de expedientes desde o comezo de funcionamento do XEG ata o ano 2017, mentres que nos últimos anos 2018, 2019 e 2020 a entrada de expedientes volve conformar unha liña ascendente.

GRÁFICO nº2b: Promedio entrada expedientes para valorar polo XEG. Serie histórica 2006-2020



Como xa se comentou, ao comezo da actividade do XEG ata o ano 2020 entraron para a súa valoración 52.386 expedientes (a media é de 3.492 expedientes/ano) e 1.970 proxectos de expropiación (a media é de 26,60 de expedientes/proxecto).

1.970 proxectos

Media de 26,60 expedientes por proxecto

Como curiosidade, hai sinalar que os proxectos relativos á Plataforma loxística-industrial de Salvaterra de Miño e As Neves suman 7.032 pezas, o que a converte na actuación que maior número de expedientes engloba, xa que supón o 13,42 % do total de expedientes que entraron neste organismo entre os anos 2006 e 2020.

2. Expedientes de prezo xusto segundo o tipo

O obxectivo dos expedientes de valoración que teñen entrada no Xurado é acadar un prezo xusto por parte deste organismo, aínda que non sempre son expedientes resultado dun desacordo nun procedemento expropiatorio, pois poden existir outro tipo de situacións que dean lugar a ter que determinar un prezo xusto sen que medie un procedemento expropiatorio. Esta situación dá lugar a que os expedientes poidan clasificarse dentro das seguintes categorías:

- 1. Expedientes de prezo xusto (propriadamente):** cando se tramita un expediente de expropiación e non hai acordo no prezo que se debe aboar entre as partes implicadas —expropiante e expropiado—, envíase o expediente ao Xurado de Expropiación de Galicia para que determine un prezo xusto para ese expediente. As modalidades destes expedientes son as que seguen:
 - . Ordinarios
 - . Urxentes
 - . De taxación conxunta
 - . De ocupación temporal
 - . Ministerios da lei
 - . Retaxación
- 2. Expedientes de reversión:** a reversión é o dereito que lle corresponde ao expropiado de recobrar a totalidade ou a parte sobrance do ben expropiado, no caso de non executarse a obra ou de non establecerse o servizo que motivou a expropiación, así como se desaparecese a afectación, co que se aboaría unha indemnización.
- 3. Expedientes de compensación:** estes son sistemas de actuación para a execución urbanística dun sector, polígono, unidade de execución ou de actuación de transformación urbanística, polo que os propietarios achegan os predios de entrega ou cesión obrigatoria e gratuíta, realizan á súa custa a urbanización nos termos e condicións que se determinen no plan urbanístico e constitúense en Xunta de Compensación, salvo que os predios pertencen a un titular. No Xurado de Expropiación, son obxecto de valoración os distintos bens e servizos para os que non se chegue a un acordo coa Administración expropiante.
- 4. Expedientes de execución de sentenza:** trátase de expedientes que se valoran de acordo coa execución dunha sentenza xudicial, que se corresponden principalmente con sentenzas do TSXG, aínda que poden ser doutras instancias xudiciais.

O XEG en cifras

2. Expedientes de prezo xusto segundo o tipo

Segundo esta clasificación, podemos concluir que, para o período 2019-2020, os expedientes máis numerosos son os de prezo xusto propiamente ditos, que representan un 84,95 % do total e, dentro destes, a modalidade de urxentes, que supoñen un 91,16 % con respecto ao total destes, tal e como reflicte o cadro n.º 3 que se amosa a continuación.


Hai que sinalar que no ano 2020 se recibiron 484 expedientes de execución de sentenza procedentes do TSXG, todos eles dun mesmo proxecto, o da Plisan en Salvaterra de Miño e As Neves, pero que foron valorados no ano 2021, dado que a súa entrada se produciu ao final do ano.

CADRO n.º 3: Expedientes de valoración segundo tipos ou categorías. Anos 2019-2020

TIPO DE EXPEDIENTE VALORACIÓN	RECIBIDOS (Nº)	TRAMITADOS (Nº)
De prezo xusto	2.761	2.831
Ordinarios	46	47
Urxentes	2.517	2.602
Taxación conxunta	187	168
Ocupación temporal	1	0
Ministerio da lei	10	14
Retaxación	0	0
De reversión	0	0
De compensación	4	4
De execución de sentenza	485	1
TOTAL	3.250	2.836

Para a súa mellor comprensión visual móstranse os dous seguintes gráficos:

GRÁFICO n.º 3a: Expedientes de valoración segundo tipos ou categorías. Anos 2019-2020



E desagregando os expedientes de prezo xusto propiamente ditos nas súas categorías:

GRÁFICO n.º 3b: Expedientes de valoración prezo xusto segundo tipos ou categorías. Anos 2019-2020



O XEG en cifras

2. Expedientes de prezo xusto segundo o tipo

Do mesmo xeito, pódese afirmar que, na serie histórica 2006-2020, os expedientes máis numerosos son os de prezo xusto propiamente ditos, que representan un 98,62 % do total e, dentro destes, a modalidade de urxentes, cun 76,03 % con respecto ao total, tal e como reflicte o cadro n.º 4 que se mostra deseguido:

CADRO n.º 4: Expedientes de valoración segundo tipos ou categorías. Serie histórica 2006-2020

TIPO DE EXPEDIENTE VALORACIÓN	ENTRADOS (Nº)	TRAMITADOS (Nº)
De prezo xusto	51.666	51.488
Ordinarios	2.415	2.416
Urxentes	39.283	39.131
Taxación conxunta	9.851	9.823
Ocupación temporal	21	20
Ministerio da lei	44	46
Retaxación	52	52
De reversión	119	119
De compensación	26	23
De execución de sentenza	575	91
TOTAL	52.386	51.721

GRAFICO n.º 4a: Expedientes de valoración segundo tipos ou categorías. Serie histórica 2006-2020





GRAFICO n.º 4b: Expedientes de valoración prezo xusto segundo tipos ou categorías. Serie histórica 2006-2020



3. Administracións expropiantes

O Xurado de Expropiación de Galicia é o órgano Colexiado permanente da Comunidade Autónoma de Galicia especializado nos procedementos de expropiación forzosa polos que se fixa un prezo xusto cando a Administración expropiante é a propia Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades locais do seu ámbito territorial, a Xunta de Galicia e as corporacións locais. Son estas administracións as que inician os procedementos expropiatorios e son, polo tanto, as que lle remiten ao XEG os proxectos de expropiación nos que se integran os expedientes expropiatorios.


Para os anos 2019 e 2020, as cifras de remisión de expedientes para a súa valoración amosan que, nun 68,37 % dos expedientes, a Administración expropiante foi a Xunta de Galicia e, nun 31,63 %, as corporacións locais.

Se observamos as cifras do bienio 2017-2018, apréciase un incremento notable dos expedientes que tiveron entrada procedentes das administracións locais, que no 2017-2018 foron 1.743 da Xunta (81 %) e 347 das corporacións locais (14 %), fronte aos 2.222 da Xunta (68,37 %) e aos 1.028 das administracións locais (31,63 %) actualmente.

CADRO nº5: Entrada expedientes de valoración segundo o expropiante. Anos 2019-2020

	EXPEDIENTES DE VALORACIÓN DE ENTRADA 2006-2020	PORCENTAXE
Xunta de Galicia	2.222	68,37 %
Administracións locais	1.028	31,63 %
TOTAL	3.250	100,00 %

GRÁFICO nº5: Entrada expedientes de valoración segundo o expropiante. Anos 2019-2020




Se analizamos a serie histórica 2006-2020, vemos que o peso da Xunta de Galicia como Administración expropiante é dun 84,42 %, mentres que o das corporacións locais é do 15,58 %.

Se observamos os datos das memorias de actividade dos anos anteriores, pódese apreciar que actualmente as corporacións locais, como administracións expropiantes, incrementan un punto porcentual, mentres que a Xunta o diminúe, tal e como se ve a continuación:

CADRO nº6: Entrada expedientes de valoración segundo o expropiante. Serie histórica 2006-2020

	EXPEDIENTES DE VALORACIÓN DE ENTRADA 2006-2020	PORCENTAXE
Xunta de Galicia	44.223	84,42 %
Administracións locais	8.163	15,58 %
TOTAL	52.386	100,00 %

GRÁFICO nº6: Entrada expedientes de valoración segundo o expropiante. Serie histórica 2006-2020



O XEG en cifras

3. Administracións expropiantes

Se ampliamos en máis detalle os nomes das administracións expropiantes para os anos 2019-2020, reflíctense os seguintes datos:


CADRO nº7: Entrada expedientes de valoración detallada segundo o expropiante. Anos 2019-2020

	ENTRADA	PORCENTAXE
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (e asimilados)	1.096	33,72%
Consellería de Economía, Emprego e Industria	594	18,28%
Outras consellerías	532	16,37%
Deputación Provincial da Coruña	718	22,09%
Deputación Provincial de Lugo	25	0,77%
Deputación Provincial de Ourense	62	1,91%
Deputación Provincial de Pontevedra	10	0,31%
Concellos	213	6,55%
TOTAL	3.250	100,00%

Hai que destacar o grande incremento de expedientes procedentes da Deputación Provincial da Coruña, que dobraron en número con respecto ao bienio anterior, xa que pasaron de 232 no bienio 2017-2018 a 718 no bienio 2019-2020.

Se desagregamos polo miúdo os nomes das administracións expropiantes para anos 2019-2020, podemos ver os seguintes datos:

GRÁFICO nº7: Entrada expedientes de valoración detallada segundo o expropiante. Anos 2019-2020



O XEG en cifras


3. Administracións expropiantes

Do mesmo xeito, e para a serie histórica 2006-2020, estes son os datos:

CADRO nº8: Entrada expedientes de valoración detallada segundo o expropiante. Serie histórica 2006-2020

	ENTRADA	PORCENTAXE
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (e asimilados)	34.125	65,14 %
Consellería de Economía, Emprego e Industria	9.287	17,73 %
Outras consellerías	813	1,55 %
Deputación Provincial da Coruña	2.791	5,33 %
Deputación Provincial de Lugo	2.026	3,87 %
Deputación Provincial de Ourense	442	0,84 %
Deputación Provincial de Pontevedra	218	0,42 %
Concellos	2.684	5,122 %
TOTAL	52.386	100,00 %

GRÁFICO nº8: Entrada expedientes de valoración detallada segundo o expropiante. Serie histórica 2006-2020



Dos datos anteriores, despréndese o incremento do peso da Consellería de Economía, Emprego e Industria como entidade expropiante nos últimos anos con respecto á serie histórica, así como das corporacións locais, de entre as que destaca a Deputación Provincial da Coruña.

4. Beneficiarios

Os beneficiarios son unha parte interesada das tres que poden intervir nun procedemento expropiatorio, xunto coa Administración expropiante e o expropiado.

Esta figura é a que recibe a titularidade dos bens e dereitos e ten a obriga de manter a afección do ben expropiado á finalidade que xustificou a expropiación, así como do pagamento da correspondente indemnización. Os beneficiarios poden ser tanto públicos (administracións de carácter instrumental) coma privados (concesionarios de estradas, empresas eléctricas e outros).

A figura do beneficiario nas expropiacións non sempre existe, xa que na maior parte das ocasións o beneficiario é a mesma Administración expropiante.

Amosamos neste apartado un resumo dos beneficiarios que aparecen con máis frecuencia nos expedientes expropiatorios nos que o Xurado de Expropiación de Galicia intervén para determinar un prezo xusto. Reflectimos no seguinte cadro e nos gráficos os datos correspondentes.


O XEG en cifras

4. Beneficiarios

CADRO nº9: Entrada expedientes de valoración segundo expropiantes e beneficiarios relacionados. Serie histórica 2006-2020

EXPROPIANTE	BENEFICIARIOS	ENTRADA EXPEDIENTES VALORACIÓN
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (e asimilados)		34.125
	Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	20.841
	Autoridade portuaria de Vigo, Zona Franca e outro	6.549
	Concesionarias de estradas	3.982
	Entidades empresariais (Augas de Galicia, Sogama, SPI...)	1.256
	Xestur	1.237
	IGVS	232
	Outros	28
Consellería de Economía, Emprego e Industria		9.322
	Fenosa (Naturgy...)	5.702
	Begasa	565
	E-On	431
	Gamesa	391
	Endesa	311
	Outras	1.922
Outras consellerías		813
	Consellería de Cultura e Deporte, Política social...	67
	Autoridade portuaria de Vigo, Zona Franca e outro	484
	Universidade de A Coruña	2
	Sergas	258
	Portos de Galicia	2
Deputacións		5.477
	Deputación Provincial da Coruña	2.791
	Deputación Provincial de Lugo	2.020
	Deputación Provincial de Ourense	441
	Deputación Provincial de Pontevedra	218
	Concellos	7
Concellos		2.649
	Concello	1.849
	Outros (entidades públicas, promotoras, personas físicas...)	685
	Xuntas de compensación	106
	Comunidades de propietarios	9
TOTAL		52.386


GRAFICO nº9a: Entrada expedientes de valoración segundo o beneficiario cando o expropiante é a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Serie histórica 2006-2020



- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
- Autoridade Portuaria de Vigo, Zona Franca e Outro
- Concesionaria de estradas
- Entidades empresariais (Augas de Galicia, Sogama, SPI...)
- Xestur
- IGVS
- Outros

Dos 34.125 expedientes tramitados pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, nun 60,22 % o beneficiario é a propia consellería, nun 19,19 % a Autoridade Portuaria de Vigo-Zona Franca-Outro e, nun 11,55 % dos casos, os beneficiarios son as concesionarias de estradas.


GRAFICO nº9b: Entrada expedientes de valoración segundo o beneficiario cando o expropiante é a Consellería de Economía, Emprego e Industria. Serie histórica 2006-2020



- Fenosa (Naturgy)
- Begasa
- E-On
- Gamesa
- Endesa
- Outras

Dos 9.322 expedientes tramitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, nun 61,17 % o beneficiario é a Unión Fenosa e, nun 38,83 % dos casos, os beneficiarios son outras empresas.


GRAFICO nº9c: Entrada expedientes de valoración segundo o beneficiario cando o expropiantes son outras consellerías. Serie histórica 2006-2020



- Consellería de Cultura e Deporte, Política social...
- Autoridade portuaria de Vigo, Zona Franca e outro
- Universidade de A Coruña
- SERGAS
- Portos de Galicia

Dos 813 expedientes tramitados por outras consellerías, diferentes das anteriores, nun 59,53 % o beneficiario é a Autoridade Portuaria de Vigo e outros e, nun 31,73 %, é o Sergas.


GRAFICO nº9d: Entrada expedientes de valoración segundo o beneficiario cando o expropiantes son as deputacións. Serie histórica 2006-2020



- Deputación Provincial da Coruña
- Deputación Provincial de Lugo
- Deputación Provincial de Ourense
- Deputación Provincial de Pontevedra
- Concellos

Dos 5.447 expedientes tramitados polas deputacións provinciais, nun 99,87 % dos casos os beneficiarios son as propias deputacións.

GRAFICO nº9e: Entrada expedientes de valoración segundo o beneficiario cando o expropiantes son os concellos. Serie histórica 2006-2020



Dos 2.649 expedientes tramitados polos concellos de Galicia, nun 69,80 % dos casos os beneficiarios son os propios concellos, nun 25,85 % son entidades varias, nun 4,00 % son xuntas de compensación e o resto son comunidades de propietarios.

5. Expropiados

A terceira figura do procedemento expropiatorio é o expropiado, e este é a persoa ou entidade que se ve privada duns bens e dereitos da súa propiedade polos que ten que recibir unha compensación económica. Se o expropiado non acepta o prezo ofrecido polo expropiante, non contesta a este, ou non é identificado, provoca de forma xeral que ese expediente expropiatorio do que é parte sexa remitido ao XEG.

O habitual é que os expedientes de valoración que se reciben no Xurado veñan coas partes implicadas no procedemento expropiatorio (Administración expropiante, beneficiario e expropiado) ben identificadas, de xeito que cando se acada a correspondente resolución dun prezo xusto para un determinado expediente envíase a oportuna resolución administrativa desde o Xurado de Expropiación de Galicia a todos os interesados no procedemento.


En ocasións, os expropiados titulares dun expediente figuran como descoñecidos. Nestes casos, a resolución administrativa de prezo xusto hai que remitila ao fiscal correspondente de cada provincia. O mesmo sucede no caso de que o expropiado teña unha titularidade coñecida, pero non así o seu enderezo, e non houbese posibilidade de notificarlle a resolución.

Amosamos deseguido datos relativos aos expropiados na serie histórica dos anos 2006-2020:

CADRO nº 10: Entrada expedientes de valoración segundo a titularidade dos expropiados. Serie histórica 2006-2020

Entrada expedientes con titulares coñecidos	Con enderezo postal Sen enderezo postal	42.537 4.944	81,20 % 9,44 %
Entrada expedientes con titulares descoñecidos	Sen nome e enderezo postal	4.905	9,36 %
TOTAL		52.386	100 %

GRAFICO nº 10: Entrada expedientes de valoración segundo a titularidade dos expropiados. Serie histórica 2006-2020



Con estes datos, conclúese que nun 81,20% dos casos os expropiados son coñecidos e, polo tanto, reciben a correspondente resolución de prezo xusto procedente do Xurado e, nun 18,80% dos expedientes, a resolución envíase ao fiscal da provincia correspondente, por non dispoñer no Xurado do nome ou do enderezo do expropiado.

6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración


Analizando desde un punto de vista xeográfico provincial a procedencia dos expedientes que se reciben no XEG, vemos que é na provincia da Coruña onde as administracións expropiantes son máis activas en relación con esta actividade, xa que representan un 56,95 % do total para o bienio 2019-2020.

CADRO nº 11: Expedientes de valoración tramitados segundo provincia de procedencia. Anos 2019-2020

PROVINCIA	EXPEDIENTES	PORCENTAXE
A Coruña	1.851	56,95 %
Lugo	231	7,11 %
Ourense	170	5,23 %
Pontevedra	998	30,71 %
TOTAL	3.250	100 %

Hai que sinalar o grande incremento de expedientes procedentes da provincia de Pontevedra con respecto ao bienio anterior, que pasou de 248 expedientes no bienio 2017-2018 (un 11,64 %) a 998 expedientes no bienio 2019-2020 (un 30,71 %).


GRAFICO nº 11: Expedientes de valoración tramitados segundo provincia de procedencia. Anos 2019-2020



O XEG en cifras

6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración

MAPA nº1: Entrada expedientes de valoración ao XEG segundo situación dos predios por provincias. Anos 2019-2020




Se facemos unha análise provincial no período da serie histórica 2006-2020, os resultados son moi diferentes aos anteriores, xa que o peso repártese entre as provincias da Coruña e Pontevedra. É esta última, co 36,02% dos expedientes, a de maior incremento, debido en gran medida aos expedientes da Plisan de execución de sentenza.

CADRO nº12: Expedientes de valoración tramitados segundo provincia de procedencia. Serie histórica 2006-2020

PROVINCIA	EXPEDIENTES	PORCENTAXE
A Coruña	17.379	33,17%
Lugo	10.493	20,03%
Ourense	5.647	10,78%
Pontevedra	18.867	36,02%
TOTAL	52.386	100,00%


GRÁFICO nº12: Expedientes de valoración tramitados segundo provincia de procedencia. Serie histórica 2006-2020



O XEG en cifras

6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración

MAPA nº2: Entrada expedientes de valoración ao XEG segundo situación dos predios por provincia. Serie histórica 2006-2020



Á vista dos datos anteriores pódese concluír que:

Na serie histórica é a provincia de Pontevedra da que entraron máis expedientes

isto débese a que, no inicio da actividade do XEG no ano 2006, houbo un gran volume de expedientes correspondentes á plataforma loxística de Salvaterra de Miño e As Neves (Plisan), así como no ano 2020, no que entraron 484 expedientes máis deste proxecto.

Na análise xeográfica por concellos para os anos 2019-2020, subliñamos só os datos máis significativos, debido a que son moi numerosos, e representámoslos nos seguintes mapas.


O XEG en cifras

6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración

MAPA nº3: Entrada expedientes de valoración ao XEG segundo situación dos predios por concellos. Anos 2019-2020

Anos 2019-2020: Salvaterra, As Neves e Cabana de Bergantiños destacan.

(Solo se sinalan os datos máis significativos)



O XEG en cifras

6. Distribución xeográfica dos bens obxecto de valoración

Como dato global, dos 313 concellos que hai en Galicia, no Xurado de Expropiación de Galicia recibíronse expedientes con bens ou dereitos para a súa valoración situados en 298 concellos, o que supón un 95,21 % dos concellos de Galicia.

Os 15 concellos nos que non se iniciaron expedientes obxecto dunha determinación de prezo xusto por parte deste Xurado son: A Capela, na provincia da Coruña; Arnoia, Baños de Molgas, Beade, Castrelo do Val, Entrimo, Laza, Lobeira, Manzaneda, Montederramo, Os Blancos, Pontedeva, Sarreaus e Xunqueira de Espadañedo, na provincia de Ourense; e Mondariz-Balneario, na provincia de Pontevedra. Na provincia de Lugo, houbo expedientes de todos os concellos.


7. Contido dos expedientes recibidos no XEG

En función das características do proxecto expropiatorio condicionado en todos os casos polo tipo de obra ou actuación executada, as diferentes tipoloxías nos anos 2019 e 2020 coas que traballamos neste XEG foron as seguintes:

CADRO nº 13: Entrada expedientes de valoración segundo tipoloxía no XEG. Anos 2019-2020

Vías	1.950	60,00%
Solo empresarial	535	16,46%
Liñas eléctricas	367	11,29%
Parques eólicos	143	4,40%
Obras en portos	85	2,62%
Dotacional sanitario	47	1,45%
Solo residencial	36	1,11%
Sen determinar	32	0,98%
Acondicionamento ríos	24	0,74%
Dotacional espazos libres	9	0,28%
Dotacional cultural	5	0,15%
Abastecemento de auga	3	0,09%
Dotacional educativo	3	0,09%
Intervencións na costa	3	0,09%
Dotacional administrativo	2	0,06%
Dotacional deportivo	2	0,06%
Dotacional asistencial	2	0,06%
Saneamento	2	0,06%
TOTAL	3.250	100%

GRÁFICO nº 13: Entrada expedientes de valoración segundo tipoloxía. Anos 2019-2020



Pódese dicir que unha gran maioría dos expedientes son de catro tipos: de redes viarias (autoestradas, estradas e camiños), de solo empresarial, de liñas eléctricas e de parque eólicos, que supoñen entre os catro tipos o 92,15 % no bienio 2019-2020.

Se analizamos o mesmo dato segundo a serie histórica, vemos que eses catro tipos de proxectos supoñen un 93,67 %.


O XEG en cifras

7. Contido dos expedientes recibidos no XEG

CADRO nº 14: Entrada expedientes de valoración segundo tipoloxía. Serie histórica 2006-2020

Vías	31.729	60,57 %
Solo empresarial	9.024	17,23 %
Liñas eléctricas	7.553	14,42 %
Parques eólicos	764	1,46 %
Aproveitamentos hidroeléctricos	444	0,85 %
Gasodutos	425	0,81 %
Saneamento	410	0,78 %
Solo residencial	324	0,62 %
Dotacional sanitario	280	0,53 %
Acondicionamento contorno ríos	257	0,49 %
SD	200	0,38 %
Dotacional espazos libres	193	0,37 %
Dotacional educativo	127	0,24 %
Abastecemento auga	94	0,18 %
Intervencións na costa	90	0,17 %
Dotacional cultural	87	0,17 %
Obras en portos	87	0,17 %
Dotacional deportivo	86	0,16 %
Seguridade ferroviaria	80	0,15 %
Mellora tratamento residuos	51	0,10 %
Dotacional administrativo	32	0,06 %
Concesións mineiras	24	0,05 %
Dotacional docente	21	0,04 %
Dotacional asistencial	4	0,01 %
TOTAL	52.386	100,00 %

GRÁFICO nº 14: Entrada expedientes de valoración segundo tipoloxía. Serie histórica 2006-2020



8. Importes das valoracións

Neste apartado, imos facer referencia aos expedientes de expropiación que foron resoltos polo Xurado mediante a forma normal de terminación (resolución) ou por algunha outra forma de terminación especial. Ademais, imos indicar os datos globalmente sen diferenciar entre expedientes de prezo xusto, reversión, compensación e execución de sentenza, para así facer menos tediosa a análise destes datos.

Importe segundo as partes interesadas

Segundo o establecido na normativa de valoracións, o Pleno do XEG, nas resolucións adoptadas de prezo xusto, debe seguir o criterio de que cando o valor unitario obtido polo XEG, na fase de estudo, sexa menor que o indicado polo expropiante, a proposta do Xurado será por este segundo importe, e respectarase a proposta do expropiante. Pola contra, se o valor unitario obtido polo XEG é maior que o indicado polo expropiado, a proposta será polo importe do expropiado. Deste xeito, os prezos do expropiante e do expropiado constitúense nun solo e nun teito respectivamente para o prezo final fixado polo XEG.

Así, se comparamos o prezo ofrecido polo expropiante, o proposto polo expropiado e o valorado finalmente polo XEG, pódese deducir que as valoracións realizadas polo Xurado respecto ás dos expropiantes son incrementadas desde a posta en marcha deste organismo nos importes indicados nos cadros e gráficos seguintes.


Estes resultados varían en función do tipo de expediente de valoración de que se trate, é dicir, se estamos ante un expediente de prezo xusto, un expediente de compensación ou ben un expediente de execución de sentenza.

Deste xeito, o resultado das valoracións no bienio 2019-2020 en importe comparado entre o ofrecido polo expropiante, o proposto polo expropiado e o valorado finalmente polo XEG, indica que as valoracións con respecto ás administracións expropiantes se incrementaron en case 5,5 millóns de euros (un 60,32 % máis dos prezos dos expropiantes), cun incremento de 1.926,01 euros de media por expediente.

CADRO nº 15: Valoracións expedientes tramitados polo XEG. Anos 2019-2020

ANOS	Nº EXP.	IMPORTE EXPROPIANTE	IMPORTE XURADO	IMPORTE EXPROPIADO
2019 2020	2.836	9.055.092,74€	14.517.262,94€	49.225.508,81 €

GRÁFICO nº 15: Valoracións expedientes tramitados polo XEG. Anos 2019-2020



O XEG en cifras

8. Importes das valoracións

CADRO nº 16: Prezo medio expedientes tramitados polo XEG. Anos 2019-2020

ANOS	Nº EXP.	PREZO MEDIO EXPROPIANTE	PREZO MEDIO XURADO	PREZO MEDIO EXPROPIADO
2019 2020	2.836	3.192,91 €	5.118,92 €	17.357,37 €


Así, para a serie histórica que abrangue o período 2006-2020, o XEG incrementou as valoracións dos expropiantes en máis de 145 millóns de euros (un 35,92 % máis) e en 2.808,88 euros de media por expediente.

O XEG en cifras
8. Importes das valoracións

CADRO nº 17: Valoracións expedientes tramitados polo XEG. Serie histórica 2006-2020

ANO	Nº EXPEDIENTES	IMPORTE EXPROPIANTE	IMPORTE XURADO	IMPORTE EXPROPIADO
2006	1.792	18.071.881,08 €	22.988.700,28 €	83.692.036,53 €
2007	8.201	34.810.732,59 €	54.237.944,95 €	172.050.434,58 €
2008	4.688	31.354.957,48 €	53.826.827,62 €	114.774.674,85 €
2009	3.777	40.927.497,69 €	51.539.243,88 €	167.834.253,72 €
2010	5.135	34.646.538,92 €	51.371.924,35 €	183.609.352,42 €
2011	5.301	84.853.749,95 €	86.577.450,89 €	243.176.509,79 €
2012	5.561	58.727.837,49 €	76.480.244,94 €	275.495.741,85 €
2013	5.709	28.825.273,09 €	40.648.157,83 €	186.970.541,26 €
2014	2.643	25.758.012,00 €	32.969.133,71 €	243.531.328,99 €
2015	2.283	14.627.024,02 €	28.079.201,12 €	89.075.836,36 €
2016	1.509	7.425.613,17 €	12.374.555,57 €	49.100.061,59 €
2017	1.166	9.731.950,04 €	12.092.628,01 €	31.919.015,74 €
2018	1.120	5.655.277,17 €	12.046.653,30 €	81.526.716,57 €
2019	1.122	3.313.168,50 €	5.122.610,78 €	17.443.921,52 €
2020	1.714	5.741.924,24 €	9.394.652,16 €	31.781.587,29 €
TOTAL	51.721	404.471.437,43 €	549.749.929,39 €	1.971.982.013,06 €

GRÁFICO nº 17: Valoracións expedientes tramitados polo XEG. Serie histórica 2006-2020



CADRO nº 18: Prezo medio expedientes tramitados polo XEG. Serie histórica 2006-2020

Nº EXPEDIENTES	PREZO MEDIO EXPROPIANTE	PREZO MEDIO XURADO	PREZO MEDIO EXPROPIADO
51.721	7.820,26€	10.629,14€	38.127,30€

Hai que sinalar que algúns expedientes non chegan a ser valorados. Son aqueles que entran no Xurado e teñen unha forma de finalización distinta a unha resolución de prezo xusto, é dicir, inadmisións, terminacións especiais e mutuos acordos.

Intervalos de valoracións


Neste apartado, agrupamos os datos das valoracións en función dunha escala de menor a maior que abrangue intervalos nos que situamos os expedientes en función da valoración acadada polo XEG. Ao igual ca no capítulo anterior, temos en conta só os expedientes que foron tramitados polo Xurado.

Se analizamos os intervalos de valoración dos expedientes que se tramitaron nos anos 2019 e 2020, vemos que o 87,73 % dos expedientes foron de valores de ata 10.000 euros, o cal dá unha idea das pequenas propiedades que en Galicia son obxecto de valoración por parte do XEG.

CADRO nº 19: Intervalos de valores dos expedientes tramitados polo XEG. Anos 2019-2020

INTERVALO	EXPEDIENTES	PORCENTAXE
De 0 a 1.000	1.514	53,39%
De 1.000 a 10.000	974	34,34%
De 10.000 a 50.000	235	8,29%
De 50.000 a 150.000	48	1,69%
De 150.000 a 500.000	8	0,28%
De 500.000 a 1.000.000	1	0,04%
Desde 1.000.000	0	0,00%
Sen valoración	56	1,97%
TOTAL	2.836	100,00%

GRÁFICO nº 19: Intervalos de valores dos expedientes tramitados polo XEG. Anos 2019-2020



Se nos referimos aos expedientes que acadaron un maior importe, amósanse exemplos ilustrativos por cada provincia das valoracións máis altas realizadas polo XEG no bienio 2019-2020, e indícase tamén o concello, o proxecto expropiatorio e o importe de valoración en euros.

O XEG en cifras

8. Importes das valoracións

CADRO nº 20: Maiores valoracións dos expedientes tramitados polo XEG. Anos 2019-2020

PROVINCIA	CONCELLO	PROXECTO	VALORACIÓN
A Coruña	Oleiros	PREDIOS E EDIFICACIONES (3 VIVENDAS) SITUADAS NO SISTEMA XERAL ZV-10 PARQUE FORESTAL DE BASTIAGUEIRO. TM OLEIROS	394.273,55 €
